

# MÓDULO

**Jean Monnet**

*A cooperación entre  
administracións tributarias  
na contorna dixital da  
Unión Europea*

(JEATRIB), 101047761

**Administración tributaria  
e dixitalización**  
Curso de 20 horas presenciais

**10, 17, 24 e 31 de marzo  
e 7 de abril de 2022**

Campus de Vigo  
Campus de Pontevedra  
Campus de Ourense

**Inscripción**  
Gratuíta ata o 6 de marzo  
[monnet.tributario@uvigo.es](mailto:monnet.tributario@uvigo.es)




# MÓDULO

Jean Monnet

*A cooperación entre  
administracións tributarias  
na contorna dixital da  
Unión Europea*

(JEATRIB)\_101047761



Administración tributaria  
e dixitalización

Curso de 20 horas presenciais

10, 17, 24 e 31 de marzo  
e 7 de abril de 2022

Campus de Vigo  
Campus de Pontevedra  
Campus de Ourense

Inscripción

Gratuita ata o 6 de marzo  
monnet.tributario@uvigo.es

Universidade de Vigo

Área de Dereito  
Financiero e Tributario

## Presentación e obxectivos:

A Unión Europea marcouse como un dos seus obxectivos estratéxicos e prioritarios para a presente década do século XXI a progresiva dixitalización dos servizos prestados polas Administracións públicas. Neste sentido, preténdese que, para 2030, todos os servizos públicos esenciais deben estar dispoñibles en liña e o 80 % dos cidadáns deberán estar en condicións de utilizar unha solución de identificación electrónica.

A tal fin, xorde a necesidade de conseguir un desenvolvemento pleno da Administración electrónica e aproveitar as innovacións que as tecnoloxías dixitais poden achegar para construír un novo modelo de Administración máis transparente, sinxelo, eficaz e inclusivo e, por conseguinte, máis acorde ás demandas da cidadanía e das empresas.

O presente Módulo Jean Monnet ten como propósito esencial divulgar as vantaxes da cooperación entre as Administracións tributarias. Así, o obxectivo primordial desta primeira actividade sobre "Administración Tributaria e dixitalización" é difundir o coñecemento dos instrumentos legais cos que a UE promove a dixitalización das Administracións públicas, en particular da Administración tributaria, así como o acceso equitativo dos cidadáns e empresas aos servizos públicos prestados de forma telemática.

En concreto, analizarase, desde unha óptica teórica e práctica, a vixente regulación da UE para dar a coñecer as vantaxes que derivan da cooperación administrativa vinculada á progresiva oferta dixital de servizos, no ámbito interno e transfronteirizo, polas Administracións públicas dos Estados membros.

## Información e inscricións:

A actividade formativa está dirixida non só a estudantes universitarios ou alumnos de Doutoramento cuxas titulacións aborden temas específicos da Unión Europea (Dereito, Dirección e Xestión Pública, Ciencias Políticas e da Administración, Ciencias Económicas, etc.), senón tamén a funcionariado público e a profesionais cuxa actividade estea directa ou indirectamente relacionada coas consecuencias xurídicas da dixitalización do sector público e, en particular, da Administración tributaria.

As persoas que asistan a este evento recibirán un diploma acreditativo sempre que asistan ao 80% das sesións e participen nas actividades docentes ou talleres que se desenvolvan.

O devandito evento terá un recoñecemento de créditos ECTS (pendente de aprobación pola Comisión de Extensión Universitaria).

A actividade (20 h.) celebrarase de forma presencial en tres aulas dos tres campus da Universidade de Vigo. O profesorado impartirá presencialmente a docencia desde unha desas aulas, de acordo co sinalado a continuación, con conexión síncrona en remoto para todas elas. Os interesados en asistir á actividade formativa poderán acudir a calquera das tres aulas dispoñibles:

- Aula B1 da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (Campus de Vigo): Sesións impartidas pola Prof. Dra. Patricia Valcárcel Fernández e polo Prof. Dr. Rafael Fernández Acevedo.
- Aula 2.5 da Facultade de Dereito (Campus de Ourense): Sesións impartidas pola Prof. Dra. Alma María Gómez Rodríguez e polo Prof. Dr. Roberto Ignacio Fernández López.
- Aula A1 da Facultade de Dirección e Xestión Pública (Campus de Pontevedra): Sesións impartidas polo Prof. Dr. Juan Mosquera Pena.

As inscricións realizaranse enviando un correo electrónico a [monnet.tributario@uvigo.es](mailto:monnet.tributario@uvigo.es) antes das 23:59 horas do día 6 de marzo de 2022. No devandito correo achegaranse, necesariamente, os seguintes datos: a) Nome, apelidos e DNI do solicitante. b) Teléfono de contacto e correo electrónico. c) Titulación universitaria (en curso ou xa concluída). d) Indicación da aula e Facultade á que se asistirá de forma presencial (Vigo, Ourense ou Pontevedra). e) No seu caso, profesión ou ocupación actual.

**Prazas limitadas:** Admitiranse inscricións por orde de entrada ata completar o aforo de cada unha das aulas nas que se imparte a docencia.

### Organiza:

- Área de Dereito Financiero e Tributario (Universidade de Vigo)

### Coordinador xeral do módulo:

- **Prof. Dr. Luis Miguel Muleiro Parada** Profesor Contratado Doutor de Dereito Financiero e Tributario (Universidade de Vigo)

### Coordinador da actividade formativa:

- **Prof. Dr. Roberto Ignacio Fernández López** Catedrático de Dereito Financiero e Tributario (Universidade de Vigo)

### Patrocinan:

- European Education and Culture Executive Agency (EACEA) - European Commission (EC)

## Programa

### Marzo

**Sesión 1. Xoves 10 (16.00-18.00 h). O tránsito das Administracións Públicas á era dixital: orixe, evolución e formulacións actuais.**

- **Prof. Dra. Patricia Valcárcel Fernández.** Catedrática de Dereito Administrativo da Universidade de Vigo

**Sesión 2. Xoves 10 (18.30-20.30 h). O funcionamento electrónico da Administración e a regulación telemática.**

- **Prof. Dra. Patricia Valcárcel Fernández.** Catedrática de Dereito Administrativo da Universidade de Vigo
- **Prof. Dr. Rafael Fernández Acevedo.** Profesor Titular de Dereito Administrativo da Universidade de Vigo

**Sesión 3. Xoves 17 (16.00-18.00 h). Xestión electrónica dos procedementos administrativos e relacións electrónicas entre as Administracións.**

- **Prof. Dr. Rafael Fernández Acevedo.** Profesor Titular de Dereito Administrativo da Universidade de Vigo

**Sesión 4. Xoves 17 (18.30-20.30 h). Administración dixital e servizos ao cidadán: aplicacións e solucións técnicas.**

- **Prof. Dra. Alma María Gómez Rodríguez.** Profesora Titular de Linguaxes e Sistemas Informáticos da Universidade de Vigo

**Sesión 5. Xoves 24 (16.00-18.00 h). Xestión de expedientes e solucións tecnolóxicas para a interoperabilidade.**

- **Prof. Dra. Alma María Gómez Rodríguez.** Profesora Titular de Linguaxes e Sistemas Informáticos da Universidade de Vigo

**Sesión 6. Xoves 24 (18.30-20.30 h). Marco regulador e aspectos básicos da cooperación entre Administracións tributarias no ámbito europeo e internacional.**

- **Prof. Dr. Roberto Ignacio Fernández López.** Catedrático de Dereito Financiero e Tributario da Universidade de Vigo

**Sesión 7. Xoves 31 (16.00-18.00 h). Modalidades e procedementos de cooperación entre Administracións tributarias dos Estados membros da Unión Europea.**

- **Prof. Dr. Roberto Ignacio Fernández López.** Catedrático de Dereito Financiero e Tributario da Universidade de Vigo

**Sesión 8. Xoves 31 (18.30-20.30 h). As últimas tendencias da Unión Europea sobre o intercambio de información tributaria na era dixital.**

- **Prof. Dr. Roberto Ignacio Fernández López.** Catedrático Dereito Financiero e Tributario da Universidade de Vigo

### Abril

**Sesión 9. Xoves 7 (16.00-18.00 h). As Administracións tributarias dixitais: os servizos ao contribuínte.**

- **Prof. Dr. Juan Mosquera Pena.** Profesor Asociado de Dereito Financiero e Tributario da Universidad de Vigo. Director do Departamento de Inspección da Axencia Tributaria de Galicia

**Sesión 10. Xoves 7 (18.30-20.30 h). As Administracións tributarias dixitais: os procedementos tributarios.**

- **Prof. Dr. Juan Mosquera Pena.** Profesor Asociado de Dereito Financiero e Tributario da Universidad de Vigo. Director do Departamento de Inspección da Axencia Tributaria de Galicia

<http://monnet.tributario.webs.uvigo.es>

Facebook: Jean Monnet Tributario Vigo

Twitter: @monnettributario

LinkedIn: modulo jean monnet tributario vigo

Instagram: monnettributariovigo